

MANUAL DE AXUDA PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

Índice

Presentación	3
Información xeral	4
Normativa aplicable	5
Glosario	6
O currículo galego	9
A programación didáctica	18
A elaboración da programación didáctica	19
1. Introducción	23
2. Obxectivos da área/materia/ámbito e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave	25
3. Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporización	26
4. Metodoloxía	34
5. Avaliación	37
6. Medidas de atención á diversidade	45
7. Transversal	47
8. Práctica docente	50
Lista de control	52
Lista de control	53

PRESENTACIÓN

O desenvolvemento curricular supón para o sistema educativo, en xeral, e para os centros educativos e o profesorado, en particular, un dos grandes retos aos que dirixir o seu esforzo, de cara a darlle ao alumnado a mellor resposta educativa posible.

A aprobación durante o ano 2022 duns novos reais decretos de ensinanzas mínimas para as etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato supuxo a publicación dos novos decretos de currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, corresponde agora aos centros continuar co desenvolvemento dos aspectos curriculares a través, entre outras, da concreción curricular e das programacións didácticas.

Este manual pretende servir de **orientación** e de **axuda**, tanto aos centros educativos como ao profesorado, na **elaboración das programacións didácticas** das áreas, materias ou ámbitos en cada unha das etapas indicadas.

Para facilitar a súa comprensión apórtanse exemplos que tratan de contextualizar as recomendacións dadas. Estes exemplos pretenden servir de referencia ou axuda, e non deben entenderse como obrigas na elaboración das programacións didácticas.

Este manual presenta unha estrutura con dúas seccións diferenciadas:

- » **Sección 1. Información xeral.** Achega información de carácter xeral, incluíndo as referencias normativas, un glosario de termos e unha breve descrición do currículo galego.
- » **Sección 2. A programación didáctica.** Afonda sobre a programación didáctica, aportando explicacións, recomendacións e claves para o seu deseño, así como unha proposta de lista de control para a súa validación.



SECCIÓN 1

Información xeral

NORMATIVA APLICABLE

A principal normativa de referencia para a elaboración das programacións didácticas vén constituída polas seguintes normas:

- » [**Decreto 150/2022, do 8 de setembro**](#), polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » [**Decreto 155/2022, do 15 de setembro**](#), polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » [**Decreto 156/2022, do 15 de setembro**](#), polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » [**Decreto 157/2022, do 15 de setembro**](#), polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén hai que ter en consideración:

- » As ordes de desenvolvemento dos citados decretos.
- » O establecido nos diferentes regulamentos orgánicos de centros.
- » Outras normas relacionadas:
 - [**Decreto 229/2011, do 7 de decembro**](#), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - [**Orde do 8 de setembro de 2021**](#) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ademais desa normativa de carácter máis específico, estarase ao disposto nas seguintes normas:

- » [**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**](#), de educación (na súa versión consolidada).
- » [**Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo**](#), reguladora do dereito á educación (na súa versión consolidada).

GLOSARIO

- » **Competencias clave.** Desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As oito competencias clave recollidas na dita recomendación son:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
 - Competencia plurilingüe (CP).
 - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
 - Competencia dixital (CD).
 - Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
 - Competencia cidadá (CC).
 - Competencia emprendedora (CE).
 - Competencia en conciencia e expresión culturais (CEC).
-

- » **Contidos.** Coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área/materia/ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área/materia/ámbito. Nos reais decretos que regulan as ensinanzas mínimas de cada etapa, os contidos denomínanse saberes básicos.
-

- » **Criterios de avaliación (CA).** Referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada área/materia/ámbito nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área/materia/ámbito, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

- » **Descritores operativos.** Desempeños propios de cada unha das competencias clave para a aprendizaxe permanente, que incorporan os coñecementos, as destrezas e as actitudes que o alumnado debería adquirir e desenvolver ao finalizar o ensino básico. Estes descritores constituíron o marco referencial para a definición dos obxectivos das áreas ou materias.
-

- » **Instrumentos de avaliación (IA).** Ferramentas que se utilizan para realizar unha avaliación do proceso de ensino e de aprendizaxe. Permiten observar, documentar e obter evidencias de como se adquire a aprendizaxe e de como se acadan as competencias traballadas.
-

- » **Obxectivos da etapa.** Logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.
-

- » **Obxectivos de área/materia/ámbito (OBX).** Desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área/materia/ámbito. Constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumnado e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das áreas/materias/ámbitos. Nos reais decretos que regulan as ensinanzas mínimas de cada etapa, os obxectivos de área/materia/ámbito denomínanse competencias específicas.
-

- » **Orientacións pedagóxicas.** Indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, nos procedementos e nas accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.
-

- » **Perfil de saída.** Concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares. O perfil de saída identifica e define as competencias clave que o alumnado debe desenvolver ao finalizar a educación básica, e introduce orientacións sobre o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria a través dos correspondentes descritores operativos.

- » **Situacións de aprendizaxe.** Situacións e actividades que implican o despregamento por parte do alumnado de actuacións asociadas a competencias clave e obxectivos de área/materia/ámbito que contribúen á adquisición e desenvolvemento das mesmas.

-
- » **Unidade didáctica (UD).** Proceso completo de ensino, aprendizaxe e avaliación, formado por elementos curriculares (criterios de avaliación e contidos), cun eixe común (como pode ser unha temática, un proxecto ou outro elemento integrador) e que se desenvolverá durante un número de sesións adecuado ao traballo que se pretenda levar a cabo. A estruturación en unidades didácticas permite organizar o currículo dunha área/materia/ámbito en entidades máis pequenas e máis manexables.

O CURRÍCULO GALEGO

Enténdese por currículo, de conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

Os cambios normativos producidos tras a aprobación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, supuxeron un importante **cambio no modelo curricular**. A principal novidade deste novo modelo é a existencia dun perfil de saída do alumnado ao finalizar a educación básica, que se constitúe como a ferramenta que concreta os principios e os fins do sistema educativo.

1. O perfil de saída

Definición

O perfil de saída defínese como o **conxunto de competencias** persoais, sociais e académicas indispensables para que as e os estudantes alcancen o seu desenvolvemento persoal, resolvan de maneira ética, crítica e sostible situacións e problemas nos distintos ámbitos da vida, busquen e aproveiten oportunidades de mellora, desenvolvan a súa socialización, continúen o seu itinerario formativo e participen activamente na sociedade.

O perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico constitúe o **referente último** do desempeño competencial, tanto na avaliación das distintas etapas e modalidades da formación básica, como para a titulación de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. Tamén fundamenta o resto de decisións curriculares, así como as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica lectiva.

Este perfil de saída identifica as competencias clave que todo o alumnado, sen excepción, debe ter adquirido e desenvolvido ao finalizar a educación básica. Para iso identifica os desempeños esperados en dous momentos:

- » Ao **remate da educación primaria** concíbese como a concreción do grao de adquisición do perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico que se espera conseguir ao completar a dita etapa. Esta concreción considérase imprescindible para orientar o labor do profesorado e, sobre todo, como elemento clave para resaltar a concepción da

educación obrigatoria como un contínuum a través do que o alumnado progresa ao longo do tempo.

- » Ao **remate da educación básica** asóciase á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, pero non pode vincularse exclusivamente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, porque identifica as competencias que debe alcanzar todo o alumnado que complete con éxito o ensino básico nas súas diversas vías e modelos (como os ciclos formativos de grao básico ou os programas de diversificación curricular).

O perfil de saída do ensino básico concrétese na formulación dun conxunto de descritores operativos para cada unha das oito competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea.

Os descritores operativos

Definición

Os descritores operativos defínense como os **desempeños propios** de cada unha **das competencias clave** para a aprendizaxe permanente, que incorporan os coñecementos, as destrezas e as actitudes que o alumnado debería adquirir e desenvolver ao finalizar o ensino básico.

Estes descritores constitúen o **marco referencial** para a definición dos **obxectivos** das áreas ou materias, que identifican as capacidades e os principais tipos de actuacións asociadas a elas que o alumnado debe poder despregar en situacións ou actividades organizadas en torno aos contidos propios de cada área ou materia.

O perfil de saída recóllese no anexo I dos decretos que establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria, no que os descritores operativos se presentan nunha táboa de dúas columnas: a da esquerda indica o desempeño esperado no alumnado ao completar a educación primaria; a da dereita indica o desempeño esperado no alumnado ao completar o ensino básico.

A modo de exemplo, tal e como se amosa na seguinte táboa, para a competencia plurilingüe defínense tres descritores operativos (codificados coas siglas da competencia clave e o número de descriptor), tanto para a educación primaria como para o ensino básico:

COMPETENCIA PLURILINGÜE - CP	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
» CP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo.	» CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
» CP2. A partir das súas experiencias, reconece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.	» CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
» CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e reconece e comprende o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.	» CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

Nas etapas non obrigatorias non existe un perfil de saída como tal, aínda que si se mantén a relación entre os obxectivos da área/materia/ámbito e as competencias clave:

- » **Na educación infantil** as ditas relacións realízanse directamente entre os obxectivos e as competencias clave e non veñen establecidas pola normativa.
- » **No bacharelato** existen uns descritores operativos das competencias clave, na liña dos recollidos para o ensino básico, pero non constituídos como perfil.

2. Estrutura do currículo galego

Os elementos curriculares que forman parte de cada unha das áreas/materias/ámbitos do currículo galego son:

- » Introducción.
- » Obxectivos.
- » Criterios de avaliación e contidos, agrupados en bloques temáticos.
- » Orientacións pedagóxicas.

A introdución, os obxectivos e as orientacións pedagóxicas son comúns para todos os cursos onde se imparta cada área/materia/ámbito; os criterios de avaliación e os contidos son específicos para cada un dos cursos da etapa (agás en educación infantil que se presentan por ciclos).



Introdución da área/materia/ámbito

A introdución contén unha **descrición** da área/materia/ámbito adecuada á etapa educativa e á realidade galega, así como un resumo dos bloques temáticos que inclúe.



Obxectivos da área/materia/ámbito

Os obxectivos son os **desempeños** que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área/materia/ámbito.

Cada un dos obxectivos relaciónase coas competencias clave a través dos correspondentes descritores (agás na educación infantil). Nas ensinanzas mínimas estes obxectivos denomínanse competencias específicas.



Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación indican os **niveis de desempeño** esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada área/materia/ámbito nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Polo tanto, describen o que se pretende lograr na aprendizaxe do alumnado e serán o seu referente de avaliación (neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar).

Os criterios de avaliación operan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área/materia/ámbito, e a súa redacción considérase importante porque deben orientar o deseño dos procesos de ensino e aprendizaxe para o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.

Os criterios de avaliación, xunto cos seus contidos asociados, aparecen agrupados por bloques temáticos en cada curso (na educación infantil en cada ciclo).

Cada criterio de avaliación codifícase nos currículos con dous díxitos: o primeiro deles fai referencia ao bloque no que se integra e o segundo indica o lugar que ocupa o criterio de avaliación no dito bloque.

No seguinte exemplo, tomado do currículo da área de Comunicación e Representación da Realidade do segundo ciclo da educación infantil, compróbase como o criterio de avaliación sinalado co código CA2.3 ocupa o terceiro lugar e o sinalado co código CA2.7 ocupa o sétimo lugar, ambos dentro do bloque 2 dedicado ás linguas e os seus falantes.

Bloque 2. As linguas e os seus falantes	
CA2.1. Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	OBX1
CA2.2. Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	OBX3
CA2.3. Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	OBX5
CA2.4. Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	OBX5
CA2.5. Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	OBX2
CA2.6. Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	OBX5
CA2.7. Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	OBX5

Ademais, cada criterio de avaliación vincúlase cun obxectivo de área/materia/ámbito concreto, e cada un destes obxectivos relaciónase cos descritores operativos das competencias clave (agás na educación infantil, xa que nesa etapa non existen descritores).

Como exemplo, na materia de Filosofía do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, o criterio de avaliación 1.2 céntrase en traballar principalmente o obxectivo 3:

CA1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	OBX3
---	-------------

Este obxectivo, pola súa parte, ten a seguinte redacción:

OBX3. Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación cos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.
--

No apartado de orientacións pedagóxicas compróbase que o dito obxectivo 3 relaciónase cos descritores CCL2, CCL5, CC1, CC2, CC3 e CCEC2:

Obxectivos da materia	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3	2-5					1-2-3		2

A redacción destes descritores sería, conforme ao correspondente anexo I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro:

» **CCL2.** Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

» **CCL5.** Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

» **CC1.** Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.

» **CC2.** Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.

» **CC3.** Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.

» **CCEC2.** Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.



Contidos

Os contidos preséntanse, en cada un dos cursos ou dos ciclos no caso da educación infantil, agrupados en bloques temáticos xunto cos criterios de avaliación. Nun contexto de aprendizaxe competencial representan os **coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes** que require o alumnado para desenvolver as accións que se expresan nos criterios de avaliación dun mesmo bloque e non deben entenderse como un fin en si mesmos.

Como exemplo, na materia de Literatura Dramática do segundo curso do bacharelato, no bloque 2. *Construción guiada: temas e formas da literatura dramática*, recóllense, entre outros, os seguintes contidos asociados aos cinco criterios de avaliación do bloque:

Bloque 2. Construción guiada: temas e formas da literatura dramática

- » **O teatro do eu: as personaxes como modelos vitais.**
 - Teatro biográfico: A construción do suxeito teatral e a indagación nas grandes interrogantes da condición humana: identidade, amor, dor, morte, etc.
 - Texto autobiográfico: intimidade, testemuño e autorreferencialidade.
- » **Vivir cos outros: o teatro como modelo de interpretación das relacións humanas.**
 - Traxedia: o ser humano, o destino e a ética.
 - Drama: liberdade individual e convencións sociais.
 - Comedia: humor compracente, humor crítico.



Orientacións pedagóxicas da área/materia/ámbito

As orientacións pedagóxicas teñen por finalidade **guiar o profesorado e o centro**, de forma xeral, para facilitarlles a planificación docente e a acción didáctica.

Estas orientacións pedagóxicas, que son comúns para todos os cursos nos que se imparte esa área/materia/ámbito, inclúen dous elementos:

- » A **relación dos obxectivos** da área/materia/ámbito **coas competencias clave** a través dos descritores das competencias, agás na educación infantil.

Como exemplo, preséntase a táboa coa relación entre os obxectivos da materia de Latín da educación secundaria obrigatoria e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída:

Obxectivos da materia	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2	2-3				1		1
OBX2		2-3	1				3	
OBX3	2	1-2	1		4			1
OBX4	2	2-3	1	2				
OBX5		3		1-3		1-4		1-2

- » As **liñas de actuación** no proceso de ensino e aprendizaxe.


Seguindo co exemplo anterior, preséntanse algunhas das liñas de actuación recollidas no currículo para a materia de Latín da educación secundaria obrigatoria:

- » A colaboración transnacional no marco dos programas europeos, traballando a cultura latina como punto de encontro das distintas realidades que conforman a actual identidade europea, para favorecer a construción dunha cidadanía europea democrática e libre de prexuízos.
- » A adquisición das competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica que permiten ao alumnado o seu máximo desenvolvemento persoal, social e formativo, e que garanten que este poida exercer unha cidadanía responsable e enfrontarse aos retos e desafíos do século XXI.
- » A coordinación cos departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega para acordar unha nomenclatura gramatical común e evitar a confusión do alumnado ante a diversidade terminolóxica, así como a posta en común de aspectos gramaticais e a temporización e secuenciación dos contidos. Recoméndase, así pois, a actualización dos documentos do centro correspondentes.




Relacións entre os elementos curriculares

No novo currículo galego todos **os elementos relaciónanse** co propósito de que o proceso de ensino e aprendizaxe se dirixa á adquisición das competencias clave, tal e como se indica:



A **modo de exemplo**, a trazabilidade dos elementos curriculares no currículo dunha determinada materia X podería ser do seguinte modo:





SECCIÓN 2

A programación didáctica

A ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, recolle no seu artigo 91 as diferentes funcións que debe realizar o profesorado, sendo a primeira delas: "A programación e a ensinanza das áreas, materias, módulos ou ámbitos curriculares que teñan encomendados".

Definición

A **programación didáctica** é unha planificación ordenada das intencións dunha ou dun docente para o ensino dunha área/materia/ámbito, en aplicación dun currículo prescritivo que se regula na normativa específica e en relación a un concreto contexto educativo.

Ensinar aquilo que o currículo indica que o alumnado debe aprender debe ser obxecto de reflexión e de planificación por parte das persoas docentes. É nese momento cando o profesorado toma decisións sobre como ensinar, sobre as metodoloxías que desexa aplicar, sobre os coñecementos que quere potenciar etc.

Programar é unha actividade complexa, en canto á cantidade de aspectos que se deben ter en conta; e contextualizada, porque se realiza sobre unha concreta realidade que é cambiante dun centro a outro, ou incluso dun curso ao seguinte no mesmo centro.

A programación didáctica convértese así nunha **ferramenta de traballo fundamental** que garante á comunidade educativa que o alumnado aprenderá o que se indica na normativa e que avala e guía o traballo que o profesorado desenvolve na aula. Ademais, ao ter un carácter dinámico, o profesorado debe comprobar que a súa planificación inicial se cumpre para corrixir as posibles desviacións ou para ratificar a adecuación entre o planificado e o executado.

Xunto co anterior, cómpre lembrar que a programación didáctica é o **compromiso da persoa docente no seu desempeño profesional**, o documento no que determina o que vai realizar e o que e o como, polo tanto, será de obrigado cumprimento.

Elementos mínimos da programación didáctica

Na elaboración das programacións didácticas deben tomarse como referencia os **decretos de currículo**. É neles onde se determinan os apartados que as programacións didácticas terán en cada un dos niveis educativos. Concretamente, aparecen nos seguintes artigos:

- » Artigo 14 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, para a educación infantil.
- » Artigo 15 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, para a educación primaria.
- » Artigo 16 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, para a educación secundaria obrigatoria.
- » Artigo 17 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para o bacharelato.

A maior parte deses **elementos mínimos** son comúns para todas as etapas educativas. Non obstante, existen elementos que polas súas particularidades ou pola normativa de aplicación teñen algún aspecto diferente dunha etapa a outra, ou mesmo non forman parte da programación dunha etapa en concreto.

Neste documento abórdanse cada un deses elementos, de cara a ofrecer información sobre o que nos mesmos se debe ou se pode tratar. Sen prexuízo disto, o profesorado podería incluír outros aspectos cos que complete a súa proposta de traballo xunto aos que veñen determinados polos citados decretos que son, por imperativo normativo, de obrigada atención.

Deseño da programación didáctica

As programacións didácticas constitúen o **instrumento de planificación curricular** específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante dos equipos de ciclo e dos departamentos didácticos.

A programación didáctica de cada área/materia/ámbito elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel.

Neste sentido, indicar que as programacións didácticas das materias de bacharelato no réxime xeral e no réxime de persoas adultas ao desenvolverse nun contexto e nunha realidade educativa diferente deberían adaptarse á metodoloxía de traballo máis acaída e

propia para o alumnado destinatario. Así, se un centro imparte as mesmas materias de bacharelato en diferentes réximes, a programación didáctica debería ser diferente en cada réxime.

Cómpre destacar que a programación debe ser un instrumento de traballo claro, vivo e aberto:

- » **Claro**, que sexa entendible por toda a comunidade educativa (alumnado, familias, docentes etc.). Debe describir as intencións educativas de forma sinxela, cunha linguaxe que permita entender que vai aprender o alumnado nese curso e como debe demostrar os seus coñecementos.
- » **Vivo**, pois debe ser un documento de consulta habitual ao longo do curso escolar, xa que é o referente para concretar o traballo diario na clase e guía a temporización, a organización didáctica, a metodoloxía, a avaliación...
- » **Aberto**, ao ser susceptible de introducir modificacións motivadas e xustificadas para axustalo ás posibles circunstancias que poden acontecer no curso académico.

A programación debe deseñarse **con base no seu contexto** polo que unha programación xenérica e única para todos os centros é difícil que encaixe coas intencións e obxectivos do proxecto educativo e funcional de cada centro, as características do alumnado e mesmo co estilo de ensino e intereses de cada docente.

Indicacións xerais

Neste manual preséntase un extracto de cada un dos apartados que debe conter unha programación didáctica con explicacións, recomendacións, claves e exemplos para o seu deseño, que deben entenderse como orientacións, e non como obrigas, para a elaboración.

Para cada un dos apartados preséntase a seguinte información:



Finalidade dese apartado.



Breve **definición** conceptual.



Aspectos que se poderían incluír nese apartado (nalgúns casos aportando exemplos e ideas).



Información de interese.

Destácanse a continuación algúns aspectos comúns a todas as programacións didácticas que é necesario respectar á hora de elaboralas:

- » O emprego dunha **linguaxe inclusiva**, libre de estereotipos e non sexista, co uso na medida do posible de fórmulas máis neutras.

O profesor > o profesorado; o alumno > o alumnado...

- » **A revisión e actualización de referencias normativas**, no caso de incluílas.
- » Os **criterios** e as decisións acordados polo claustro na **concreción curricular** do centro.
- » A **coherencia** entre os aspectos planificados nas distintas partes dunha mesma programación didáctica.

- » A **protección de datos persoais**

Non incluír datos identificativos de ningunha alumna ou alumno ou calquera membro da comunidade educativa.

Cómpre ter en conta que unha vez elaborada a programación didáctica é necesario facer unha valoración final que reflexione, cando menos, sobre dúas cuestións:

- » A programación didáctica **reflicte a proposta real de traballo** que a persoa docente pretende realizar na aula ao longo do curso.
- » **Outra persoa docente é quen de continuar** o proceso de ensino e aprendizaxe coas indicacións recollidas na programación didáctica.



1. INTRODUCCIÓN

Este apartado ten por finalidade **definir o contexto** no que se enmarca a programación didáctica recollendo, de forma concisa, aquelas características propias do centro, do alumnado ou da área/materia/ámbito que teñen relevancia no proceso de ensino e de aprendizaxe ou doutros factores relevantes que inflúan neste.



Definición

A *Introdución* é a **presentación** da programación didáctica dunha área/materia/ ámbito para un nivel determinado que, dun xeito breve, explica as **intencións educativas** da planificación do currículo ao longo do curso.



Aspectos que se poderían incluír

- » **As características xerais do centro e do alumnado**, que poidan ter relevancia no proceso de ensino e de aprendizaxe desa área/materia/ámbito no nivel educativo para o que se programa.

Centro de ámbito rural ou urbano, rateo dos grupos, número de alumnado total con necesidade específica de apoio educativo...

- » **As características da área/materia/ámbito** con relevancia no proceso de ensino e de aprendizaxe

O sentido/importancia da área/materia/ámbito nese nivel educativo; a explicación da secuenciación das UD, se é unha área/materia/ámbito que sexa nova para o alumnado...

- » **Outros factores que inflúan na ensinanza** desa área/materia/ámbito.

A lingua na que se imparte; se participa nalgún programa educativo (E-Dixgal, Polos Creativos...)...



Información de interese

- » Non se debера reproducir de forma literal e íntegra a introdución do currículo da propia área/materia/ámbito (esta presenta a área/materia/ámbito de modo xenérico no conxunto dunha etapa educativa e ten unha finalidade diferente).
- » Non se deberan reproducir datos xerais do centro se non aportan información significativa para a programación didáctica (ao figurar noutros documentos institucionais, non sería necesario redundar de novo sobre o mesmo).



2. OBXECTIVOS DA ÁREA/MATERIA/ÁMBITO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Este apartado ten por finalidade **concretar as relacións** que se establecen para un curso **entre os obxectivos** dunha área/materia/ámbito **e as competencias clave**, a través dos descritores operativos destas últimas.

Definición

O currículo de cada área/materia/ámbito, no apartado dedicado ás orientacións pedagóxicas, establece a relación mínima entre os **obxectivos** dunha área/materia/ámbito cos **descritores operativos** das oito competencias clave. Estas relacións son prescritivas polo que non se poden eliminar.

No caso da educación infantil, non existen descritores operativos polo que será o profesorado quen establecerá esas relacións dos obxectivos coas competencias clave.



Aspectos que se poderían incluír

As relacións pódense ampliar de acordo co establecido pola concreción curricular do centro, tendo en conta que ao engadir máis relacións:

- » Modificarase a contribución das diferentes áreas/materias/ámbitos á adquisición das oito **competencias clave**.
- » Debe existir unha debida **xustificación ou motivación**.

Se a área/materia/ámbito se imparte nun idioma determinado por ser centro plurilingüe, se na área/materia/ámbito se empregan estratexias de aprendizaxe-servizo, se a área/materia/ámbito participa en E-Dixgal, se existen indicacións ao respecto na concreción curricular do centro etc.



3. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS, COA SÚA SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN

Este apartado ten por finalidade **definir as unidades didácticas** coas que se planifica e estrutura o proceso de ensino e aprendizaxe das ensinanzas indicadas no currículo da área/materia/ámbito para un curso determinado.

Definición

O deseño de unidades didácticas consiste en **organizar o currículo** dunha área/materia/ámbito en entidades máis pequenas e máis manexables.

O concepto de unidade didáctica debe ser entendido como un **proceso completo de ensino, aprendizaxe e avaliación**, formado por elementos curriculares (criterios de avaliación e contidos) cun eixe común (como pode ser unha temática, un proxecto ou outro elemento integrador) e que se desenvolverá durante un número de sesións adecuado ao traballo que se pretenda levar a cabo.

O profesorado, baixo o seu propio criterio técnico, propón as unidades didácticas que desenvolverá ao longo do curso indicando en que momento do mesmo terán lugar. Nese sentido, pódense diferenciar dous tipos de unidades didácticas:

- » **Secuenciais**, impártense seguindo a secuencia temporal establecida na programación, unha detrás da outra, coa duración prevista e na avaliación parcial planificada. Poderán impartirse de xeito illado ou combinado con outras unidades didácticas transversais.
- » **Transversais**, impártense de forma simultánea a outras unidades didácticas e poden desenvolverse en diferentes momentos do curso (nun ou en varios trimestres ou mesmo durante todo o curso).

Unha UD transversal podería ser a elaboración dun proxecto que se leve a cabo ao longo de varias avaliacións, paralelamente ás unidades didácticas secuenciais.

3.1 Relación de unidades didácticas



Aspectos que se poderían incluír

- » Un **título** claro, conciso e motivador.
- » Unha **descripción** breve e clara, de xeito que permita ter unha idea aproximada do que se vai tratar nela.
- » O **número de sesións** adecuado para abordar o proceso de ensino, aprendizaxe e avaliación desa unidade didáctica.
- » A **indicación da avaliación/trimestre** no que se vai impartir (pode ser nunha ou en máis dunha avaliación/trimestre).
- » A **indicación do peso orientativo (%)** de cada unidade didáctica respecto ao total de cualificación da área/materia/ámbito.

Na etapa de educación infantil non se indican pesos (%) para as UD porque se considera que o traballo debe realizarse desde unha proposta máis globalizada que no resto de etapas educativas.



Información de interese

Sobre a relación de unidades didácticas:

- » Non existe un número ideal, nin mínimo nin máximo, de unidades didácticas.
- » Non se debe deseñar unha unidade didáctica de presentación da área/materia/ ámbito (non respondería ao concepto de unidade didáctica).
- » O número de unidades didácticas será equilibrado en relación ao número de sesións no curso.
- » A suma do número de sesións de todas as unidades didácticas debe coincidir co número total de sesións desa área/materia/ámbito ao longo do curso.
- » Unidades didácticas **secuenciais**: é recomendable que aparezan na orde na que se impartan ao longo do curso.
- » Unidades didácticas **transversais**: é recomendable que aparezan no momento no que empecen a traballarse.

Sobre os pesos das unidades didácticas:

- » A suma dos pesos de todas as unidades didácticas debe ser **igual ao 100%**.
- » O peso de cada unidade didáctica debera determinarse **en relación á importancia que se considere que debe ter**, ao que nela se traballe...
- » Unha unidade didáctica **non debera ter un peso moi baixo**, porque pode considerarse que non ten fundamento a súa creación.
- » Os pesos poden organizarse empregando **distintos tipos de criterios**.

Media aritmética, ponderación con distintos pesos, valor progresivo e en aumento ao avanzar o curso...

- » O peso indicado para cada unidade didáctica debe ser **coherente cos criterios de cualificación** da programación didáctica.

3.2. Distribución dos elementos curriculares entre as unidades didácticas



Aspectos que se poderían incluír

- » O reparto dos **criterios de avaliación** e os **contidos** nas unidades didácticas propostas.
- » A posible creación de **subcriterios de avaliación e/ou de subcontidos**, e o seu reparto nas unidades didácticas propostas.



Información de interese

Sobre os criterios de avaliación:

- » Preséntanse para cada área/materia/ámbito e curso agrupados por bloques numerados, organizados por ciclos na educación infantil e por cursos no resto de etapas educativas.
- » Codifícanse con dous díxitos: o primeiro, indica o bloque ao que este pertence; o segundo, a orde na que aparece nese bloque.

A codificación CA4.1 indica que se trata dun CA que pertence ao bloque 4 do currículo, e que se trata do primeiro CA dese bloque.

- » Os criterios de avaliación que presentan unha redacción literal que coincide ou é moi similar á de outro criterio de avaliación, pero ambos teñen unha codificación diferente, hai que interpretalos desde o contexto do bloque ao que pertencen, polo que non se deben considerar como o mesmo criterio de avaliación.

Na área de Matemáticas do 5º curso da educación primaria, os CA 1.8, 2.6 e 3.6 teñen a mesma redacción, pero hai que interpretalos no contexto dos bloques nos que se atopan, que neste caso son os referidos ao sentido numérico, ao sentido da medida e ao sentido espacial, respectivamente, e dos contidos que estes bloques inclúan:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	BLOQUE
CA1.8. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Bloque 1. Sentido numérico
CA2.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Bloque 2. Sentido da medida
CA3.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Bloque 3. Sentido espacial

- » Débense seleccionar, para cada unidade didáctica, unicamente os criterios de avaliación que serán motivo de avaliación e que, polo tanto, vaian ter un peso orientativo de cara a súa cualificación.
- » O número de criterios de avaliación debe ser coherente e equilibrado coa forma de traballo que se vaia desenvolver co alumnado e coa forma de avaliación que se propoña nesa unidade didáctica.

Cun número excesivo de CA por UD o reparto sobre o 100% obrigará a traballar con pesos moi pequenos.

Cun número moi reducido de CA por UD o reparto sobre o 100% obrigará a traballar con pesos moi altos.

- » No caso de desexar traballar ao longo do curso ou durante boa parte del con certos criterios de avaliación, poderíase optar por:
 - Crear unha ou varias unidades didácticas transversais nas que se seleccionen en exclusiva eses criterios de avaliación.
 - Deixar os criterios de avaliación seleccionados en todas esas unidades didácticas e crear, a partir deles, subcriterios de avaliación que contextualicen eses criterios en cada unidade didáctica.

Sobre os contidos:

- » Preséntanse para cada área/materia/ámbito, xunto cos criterios de avaliación, agrupados por bloques numerados, organizados por ciclos na educación infantil e por niveis no resto de etapas educativas.
- » Débense seleccionar, para cada unidade didáctica, unicamente os contidos que permitan traballar co alumnado o que se vaia avaliar cos criterios de avaliación.
- » O número de contidos debe ser coherente e equilibrado coa forma de traballo que se vaia desenvolver co alumnado e coa forma de avaliación que se propoña nesa unidade didáctica:
 - Un número excesivo de contidos obrigará a abordalos todos na UD cando pode que non sexa necesario facelo (sería máis lóxico empregar os contidos mínimos imprescindibles para alcanzar os CA).
 - Un número demasiado reducido de contidos pode resultar insuficiente para traballar os CA na súa totalidade.

Sobre a creación de subcriterios de avaliación e de subcontidos:

Existe a posibilidade de crear subcriterios de avaliación e subcontidos desdobrándoos ou dividíndoos en partes. Deste xeito, créanse formulacións máis concretas que permiten un mellor acomodo á hora de programar.

Cando se traballe con subcriterios de avaliación ou con subcontidos, cómpre ter en conta que:

- » Estes deben ter como referente o criterio de avaliación ou o contido do que se derivan.
- » O conxunto dos subcriterios ou subcontidos debe dar como resultado o criterio de avaliación ou o contido orixinal.
- » No caso de que se empreguen subcriterios de avaliación ou subcontidos, na súa redacción débese respectar a estrutura gramatical seguinte:

→ **Subcriterio de avaliación:** verbo en infinitivo + obxecto + contexto.

→ **Subcontido:** substantivo/s e adxectivos.

Na área de Ciencias Sociais do 6º curso de educación primaria, a partir do CA3.4 poderían crearse subcriterios de avaliación como:

- » *CA3.4. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.*
 - *CA3.4.1. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.*
 - *CA3.4.2. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.*

E dos contidos dese mesmo bloque 3, Vivir en sociedade, poderían á súa vez crearse varios subcontidos:

- » *España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.*
 - *España. As principais institucións de España, os seus valores e as súas funcións.*
 - *Europa. As principais institucións da Unión Europea, os seus valores e as súas funcións.*
- » *Europa: os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.*

3.3. Avaliación das unidades didácticas



Aspectos que se poderían incluír

Concretarase para cada criterio ou subcriterio de avaliación:

- » O **instrumento de avaliación** que se empregará para avalialo.
- » O **mínimo de consecución** que se pide ao alumnado como evidencia da súa aprendizaxe.
- » O seu **peso** orientativo (%) respecto ao total de cualificación da unidade didáctica.



Información de interese

Sobre os instrumentos de avaliación:

- » Permiten observar e obter evidencias de como se adquire a aprendizaxe e de como se acadan as competencias traballadas.
- » É importante comprender o papel que teñen os criterios de avaliación na programación, a que obrigan exactamente e cal é o logro que debe demostrar o alumnado, para poder así seleccionar o instrumento máis adecuado en cada caso.

Nesta decisión, o verbo do criterio de avaliación é o mellor referente para seleccionar o instrumento de avaliación que mellor se lle adapte.

- » Na selección de instrumentos de avaliación recoméndase empregar dúas categorías a través das que se estaría en disposición de clasificar calquera dos instrumentos que utilice o profesorado:

→ **Proba escrita**, engloba aqueles instrumentos nos que o alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia escrita.

As probas obxectivas, os exames...

→ **Táboa de indicadores**, engloba os instrumentos nos que o alumnado demostra o seu desempeño a través dunha evidencia que o profesorado comprobará co apoio dunha lista de ítems/indicadores ou escalas de estimación/valoración.

As rúbricas, as listas de cotexo, as escalas de observación...

- » Seleccionar un instrumento para cada criterio de avaliación non implica que teña que realizarse unha avaliación independente de cada un deles, senón que unicamente se indica o tipo de instrumento que se empregará.

Nunha UD é recomendable avaliar co mesmo instrumento varios CA (isto permitirá unha avaliación máis enriquecida ao implicar maior número de competencias).

Pódese tamén proxectar o mesmo instrumento de avaliación para os CA de diferentes UD.

- » No apartado da programación didáctica sobre Criterios de cualificación poderase describir e concretar a forma de aplicar os instrumentos de avaliación.
- » Para facer máis preciso o emprego dun determinado criterio de avaliación pódese desdobrar ou duplicar este criterio en subcriterios, e así concretar un instrumento de avaliación, un mínimo de consecución ou un peso máis achegados ao que se pretenda avaliar con cada un deles.

Sobre o mínimo de consecución:

- » O mínimo de consecución dun criterio de avaliación é a aprendizaxe imprescindible que debe adquirir o alumnado para superar ese criterio de avaliación.
- » A súa redacción debe partir do criterio de avaliación e do contido ou contidos de referencia.
- » A redacción do mínimo de consecución debe ser precisa, clara e sinxela, de xeito que aporte información ao alumnado, ás familias e ao propio profesorado de cara ao desenvolvemento do proceso de ensino, de aprendizaxe e de avaliación.
- » Non se deben establecer mínimos de consecución cuantitativos e tampouco deberían utilizarse textos xenéricos que se repitan en varios mínimos.

Partindo dun CA poderíanse proxectar diferentes tipos de mínimos de consecución, como por exemplo:

CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.

- » *Nomear os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.*
- » *Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas do aparello dixestivo e do excretor.*
- » *Explicar os procesos fundamentais da nutrición [elimínase o contexto].*



4. METODOLOXÍA

Neste apartado describiranse aspectos relacionados coas **concrecións metodolóxicas** e cos **materiais** e os **recursos didácticos** que se empregarán no proceso de ensino e de aprendizaxe da área/materia/ámbito.

4.1 Concrecións metodolóxicas

Definición

A **metodoloxía** didáctica é o conxunto de técnicas, procedementos e accións planificadas de xeito consciente, intencionado e reflexivo na programación didáctica que tratan de **facilitar a aprendizaxe** do alumnado e permitirlle o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.

É recomendable describir a metodoloxía que se utilizará de maneira clara e concisa. Esta metodoloxía debe elixirse en función das características do alumnado, e debe permitir o deseño de propostas de aprendizaxe baseadas nun traballo competencial.



Aspectos que se poderían incluír

- » Sería interesante que a concreción dos seguintes elementos se organice en torno as unidades didácticas para evitar descricións xeralistas que non aporten información sobre como vai abordar realmente o profesorado o proceso de ensino e aprendizaxe.
- » As **estratexias**, as **técnicas** e/ou os **métodos** que se van empregar.

Aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, aprendizaxe servizo, clase maxistral, prácticas de laboratorio, aprendizaxe por repetición, aula invertida, gamificación, contornas de traballo, rutinas do pensamento, liñas argumentais, aprendizaxe baseado en números, liñas temporais, paisaxes de aprendizaxe, libro fórum...

- » Os **tipos de agrupamentos** e as formas de **organización do espazo**.

Individuais, parellas, pequenos grupos, gran grupo, ensinanza recíproca, micro-ensinanza, equipos e estruturas de aprendizaxe cooperativa...

- » O **uso de espazos**.

Aula de referencia, biblioteca, aula de informática, horto escolar, laboratorio, taller, pavillón polideportivo...

- » A **estrutura das sesións/unidades didácticas** en relación ao tipo de tarefas docentes e/ou do alumnado.

Tarefas docentes de explicación, de guía, de resolución de dúbidas, de corrección etc., ou tarefas do alumnado de introdución, de desenvolvemento, de síntese, de reforzo, de ampliación, de avaliación, de autoavaliación, de coavaliación...



Información de interese

O punto de partida para establecer a concreción metodolóxica da programación regúlase na normativa en:

- » Os principios pedagóxicos recollidos en cada un dos decretos que establecen o currículo de cada etapa educativa.
- » As liñas de actuación para o proceso de ensino e de aprendizaxe desa área/materia/ ámbito, recollidas nas Orientacións pedagóxicas do currículo de cada área/materia/ ámbito.

4.2 Materiais e recursos didácticos

Definición

Os **materiais** e os **recursos didácticos** son o conxunto de elementos, útiles ou medios que o profesorado emprega como **soporte, complemento ou axuda** na súa tarefa docente. Deben considerarse como un apoio para o proceso educativo, cuxa utilización debe espertar a motivación e impulsar o interese do alumnado pola aprendizaxe.



Aspectos que se poderían incluír

- » Incluirase unha **lista de materiais e recursos didácticos** variados e diversos que teñan en conta as características do alumnado e as medidas de atención á diversidade.

Procurarase non incluír materiais/recursos cando non exista a certeza de que se vai poder dispoñer deles nin o material funxible de uso cotiá que resulte obvio ou pouco relevante para o deseño da programación.

- » No caso de que se utilicen moitos materiais ou recursos, poderíanse establecer **categorías** para facilitar a súa clasificación e consulta.

Exemplo de categorías:

- » *Materiais impresos (dicionarios, cadernos de actividades, fichas, mapas...).*
- » *Materiais manipulativos (material de laboratorio, xeoplanos, Kamishibai...).*
- » *Materiais tecnolóxicos (ordenadores, robots educativos, GPS, calculadoras...).*
- » *Recursos dixitais (entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, aplicacións para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais...).*



Información de interese

- » Respetaranse os dereitos de autoría e as licencias de uso e distribución.
- » Terase en conta cumprir coa normativa en materia de protección de datos e o protocolo de protección de datos persoais no ámbito educativo da Xunta de Galicia en relación aos sistemas de aprendizaxe virtual, tratamento de imaxes, emprego de correo electrónico e equipos informáticos etc.



5. AVALIACIÓN

Este apartado ten por finalidade definir os **procedementos** ou **criterios** para abordar os distintos **procesos de avaliación**, como son:

- » A avaliación inicial.
- » Os criterios de valoración, na educación infantil.
- » Os criterios de cualificación e de recuperación, no resto de etapas.
- » A avaliación de materias pendentes, na educación secundaria obrigatorio e no bacharelato.
- » A acreditación de coñecementos para cursar materias de continuidade, no bacharelato.

Definición

A avaliación designa un conxunto de actividades relacionadas coa necesidade de **recoller información** sobre o proceso educativo de cara a **tomar decisións ou emitir xuízos** sobre o mesmo.

Isto supón que a avaliación teña que realizarse con **carácter continuo**, xa que é a principal fonte de retroalimentación para adaptar, modificar e mellorar a estratexia de ensino e aprendizaxe.

A avaliación do alumnado é parte fundamental do proceso educativo, ao permitirlle ao profesorado coñecer en que situación e en que momento da aprendizaxe está o seu alumnado, e poder tomar así as decisións correctas ou cualificar o seu nivel de desempeño.

5.1 Procedemento para a avaliación inicial

Definición

A avaliación inicial enténdese como o conxunto de accións que leva a cabo o profesorado durante as primeiras sesións lectivas do curso coa finalidade de **detectar** as **dificultades** do alumnado, así como as súas **necesidades** de atención educativa.



Aspectos que se poderían incluír

- » O tipo de **información** que se desexa obter de cada alumna ou alumno.
- » As **técnicas e métodos** que se pretenden desenvolver para a obtención de información:

A análise dos informes do curso e/ou da etapa anterior: informes de avaliación; actas de avaliación; informes da persoa titora; informes de escolarización anteriores; outros informes que revistan interese para a vida escolar.

Técnicas e instrumentos de avaliación como traballos, probas, observación, entrevistas...

- » O momento ou **momentos** nos que se vai realizar esta avaliación inicial.
- » As **accións** que se desenvolverán co alumnado que se incorpore ao longo do curso.



Información de interese

- » Obxectivos da avaliación inicial:
 - Adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitarlle unha progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe.
 - Compartir datos e información entre o equipo docente para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumna ou cada alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.
- » Non persegue cualificar ao alumnado.

5.2 Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado (en educación infantil) ou criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución da área/materia/ámbito, e criterios de recuperación (no resto das etapas)

Sobre os criterios de valoración ou os criterios de cualificación:

Definición

Criterios que o profesorado empregará para **construír a cualificación** que unha alumna ou un alumno acade na área/materia/ámbito ao longo do curso, xa sexa nunha unidade didáctica, en cada unha das avaliacións parciais ou na avaliación final.

Estes criterios:

- » Permiten ao profesorado informar en que situación concreta se atopa unha alumna ou un alumno ao longo do seu proceso de aprendizaxe.
- » Aseguran que a toma de decisións se faga baixo uns principios de publicidade e obxectividade.

Para as distintas etapas educativas:

- » Na **educación infantil**, concrétnanse os criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
- » Na **educación primaria**, na **educación secundaria obrigatoria** e no **bacharelato** concrétnanse os criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución da área/materia/ámbito, e os criterios de recuperación.



Aspectos que se poderían incluír

- » Para cada **unidade didáctica**:
 - Precisaranse os instrumentos de avaliación.

A información introducida no apartado 3 indica: UD6 = 40% proba escrita + 60% táboa de indicadores. Polo que se podería precisar, por exemplo:

- » 40% proba escrita = 1º exame 15% + 2º exame 25%.
- » 60% táboa de indicadores = Rúbrica 50% + Escala de observación 10%.

→ No caso de empregar un mesmo instrumento de avaliación para avaliar varias unidades didácticas, deberíase precisar esa información.

» Para cada **avaliación parcial**:

→ Concretaranse as porcentaxes de cada unidade didáctica que participan na nota da correspondente avaliación parcial e a forma de cálculo, especialmente se existen unidades didácticas transversais, xa que é necesario especificar o seu grao de participación a efectos de calcular adecuadamente a cualificación de cada avaliación.

» Para a **avaliación final**:

→ A forma de cálculo da nota debe ser coherente cos pesos das unidades didácticas establecidos ao definir estas.

→ Para a avaliación final extraordinaria de bacharelato concretaranse as porcentaxes dos instrumentos de avaliación empregados, así como outras peculiaridades desta avaliación.

» **Outros datos** poderían ser:

→ A escala de valoración e os criterios que se empregará nos diferentes instrumentos da avaliación.

→ Se se vai empregar a aproximación por redondeo a un número enteiro, e mesmo o momento de realizar o dito redondeo.

→ O grao mínimo de consecución exixido para superar a área/materia/ámbito.

→ Calquera outro dato que axude a entender o por que da cualificación.

Por exemplo, explicación de como proceder se non se realiza algún exame ou non se entrega un traballo por non asistir a clase ese día.



Información de interese

Ao establecer criterios de cualificación ou de valoración deberanse buscar regras claras e xustas, baseadas na motivación e na aprendizaxe do alumnado, evitando aplicar criterios dun xeito xeral na cualificación da área/materia/ámbito que non estean asociados á aprendizaxe curricular ou que impliquen sancións. Polo anterior, sen pretender ser unha lista pechada, **recoméndase evitar**:

- » Criterios que sexan excluíntes ou que minimicen a valoración/cualificación. Estes poden incumprir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.

Por exemplo a non lectura dun libro ou a non realización dunha actividade non debería ser por si mesmo motivo para suspender unha avaliación; estes aspectos si poderían considerarse, de ser o caso, na cualificación das probas ou táboas de indicadores que se apliquen en torno á lectura dese libro ou desa actividade.

- » Criterios que dean un peso concreto á asistencia ou o comportamento na construción da nota final. Tanto a asistencia como o comportamento teñen a súa consideración nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro, no plan de convivencia etc.

Por exemplo, indicar que a construción da nota é o resultado dun 70% exames + 20% traballos + 10% comportamento non está a valorar o resultado da aprendizaxe curricular ao 100% ao outorgarlle de forma xeral un 10% ao comportamento.

- » Criterios que impliquen superar os puntos de nota máxima. Estes poden fomentar a desigualdade entre o alumnado.

Por exemplo dar x puntos de máis por realizar tarefas voluntarias, apuntarse a clubs de lectura/ciencias, participar en competicións etc non favorecen un trato igualitario entre o alumnado xa que cada alumna ou alumno ten a súa propia realidade, non sempre compatible con eses criterios que se están a valorar.

Sobre os criterios de recuperación



Definición

Os criterios de recuperación determinan os requisitos que debe cumprir o alumnado para acadar as aprendizaxes nas que se obtiveron cualificacións negativas ao longo do curso actual.

Débese especificar a **forma de construír a nota daquela parte que se teña que recuperar** (xa sexa unha unidade didáctica de xeito completo ou parcial; unha proba ou traballo determinado; unha avaliación parcial, enteira ou en parte; ou a avaliación final ordinaria no caso de bacharelato), concretando as distintas peculiaridades que sexa necesario tomar en consideración.



Aspectos que se poderían incluír

- » Os **momentos para a realización das recuperacións**, para o cal se terá que favorecer a progresión adecuada na aprendizaxe, dando sempre a oportunidade de recuperar cada parte suspensa ao longo do curso, e non unicamente ao final do mesmo.
- » Os **instrumentos de avaliación empregados** e a forma de construción da nota.

Se mantén notas aprobadas de traballos ou probas; se constrúe a nota soamente cos instrumentos de recuperación etc.

- » Calquera outro dato que axude a entender e calcular a cualificación.



Información de interese

- » Non se debe limitar a obtención de nota, é dicir, o alumnado que teña que recuperar pode acadar as mesmas aprendizaxes que o alumnado que non ten que recuperar e, polo tanto, debe ter a posibilidade de obter a máxima cualificación.

Non incluír criterios como este: se unha alumna ou un alumno fai as probas de recuperación só poderá obter un 6 como nota máxima na área/materia/ámbito, aínda que nas probas obteña unha cualificación superior.

- » Non se deben incluír no cálculo as cualificacións das partes non superadas anteriormente.

A cualificación da materia non poderá ser a media aritmética entre a nota da recuperación e a nota obtida anteriormente (se a nota da 1ª avaliación é 3 e a nota de recuperación da 1ª avaliación é 5; a nota final da 1ª avaliación non é 4, senón 5).

Indícaranse aclaracións respecto a se mantén notas aprobadas de traballos ou probas; se constrúe a nota soamente cos instrumentos de recuperación etc.

5.3 Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes (na etapa de educación secundaria obrigatoria e no bacharelato)

Definición

Este apartado concreta as **actuacións** para dar resposta ao alumnado que promociona ao curso seguinte con **materias ou ámbitos de cursos anteriores sen superar**.

En relación a este procedemento:

- » Non será de aplicación na educación infantil e na educación primaria, etapas nas que o alumnado non pode chegar a ter áreas pendentes.
- » Non será de aplicación no cuarto curso da educación secundaria obrigatoria nin no segundo curso do bacharelato ao tratarse de cursos finais de etapa.
- » Na educación secundaria obrigatoria a recuperación destas materias realizarase a través dun plan de reforzo.
- » No bacharelato, a recuperación destas materias realizarase a través de actividades de seguimento, recuperación e avaliación.



Aspectos que se poderían incluír

- » O momento ou **momentos nos que se vai realizar o seguimento das aprendizaxes**, así como as canles de comunicación establecidas para comunicarse co alumnado.
- » O **tipo e o número de instrumentos de avaliación** que se empregarán, así como cando se aplicarán.
- » Os **criterios de cualificación da materia sen superar**, concretando a construción da nota de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final (deberán ser coherentes cos criterios de cualificación e de recuperación esixidos ao alumnado que cursa a materia).
- » No caso de **1º curso de bacharelato**, incluírase a convocatoria final extraordinaria.

5.4 Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Definición

A situación de continuidade e acreditación de coñecementos previos dáse entre as materias específicas de modalidade de opción e as materias optativas de primeiro e de segundo de bacharelato recollidas ambas no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

A acreditación de coñecementos é o procedemento que **verifica**, segundo criterios obxectivos e avaliábeis, que unha alumna ou un alumno reúne as **condicións necesarias** para poder seguir con aproveitamento a materia do segundo curso.



Aspectos que se poderían incluír

- » Os **instrumentos de avaliación**.
- » O **momento** de realización das probas.
- » Os **criterios de cualificación** aplicados.



Información de interese

- » O procedemento debe basearse nos criterios de avaliación e contidos da materia de primeiro curso de bacharelato, polo que é acaído que este apartado se elabore na programación dese curso.
- » Este procedemento lévase a cabo antes do inicio das actividades lectivas do curso escolar
- » No caso de que ao realizar as probas non se verificaran de forma positiva os coñecementos necesarios, a alumna ou o alumno tería que cursar esa materia do primeiro curso como pendente.



6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Este apartado da programación ten por finalidade **concretar** as **medidas de atención á diversidade** que se empregarán na área/materia/ámbito, de acordo co disposto na normativa educativa, así como outras **estratexias ou programas** destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades reais do nivel para o que se programa.

Definición

Conxunto de medidas e accións cuxa finalidade é adecuar a **resposta educativa** ás diferentes características, necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.



Aspectos que se poderían incluír

- » As **medidas de atención á diversidade** que se porán en marcha no curso académico.

Medidas ordinarias: adaptación de tempos e instrumentos de avaliación, reforzos educativos, apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, programas de enriquecemento curricular, plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, plans de reforzo para o alumnado que promocióne con materias sen superar...

Medidas extraordinarias: adaptación curricular, agrupamentos flexibles, apoio da persoa especialista de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe...

- » As **medidas para a atención educativa virtual** ao alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas.

Uso de aula virtual, videoconferencias por plataformas corporativas, comunicación por mensaxería Abalar ou correo corporativo...

- » As **estratexias de deseño universal de aprendizaxe** que se aplicarán na área/materia/ ámbito.

Propoñer actividades de autorregulación da aprendizaxe; permitir eleccións dentro das unidades didácticas e das tarefas; incluír glosarios e esquemas; empregar varias formas de representación e de comunicación...



Información de interese

- » As medidas de atención á diversidade deberían seleccionarse considerando o cambio de paradigma do “non é capaz” ao “é capaz”, promovendo, deste modo, os talentos de cada alumna e alumno.
- » É importante garantir que non se inclúen datos persoais do alumnado, nin información que permita identificar a algunha alumna ou algún alumno.
- » Cómpre considerar que non se deberían describir medidas desde un nivel xenérico ou abstracto, sen concretar respostas axustadas ás necesidades reais dos grupos para os que se programa.



7. TRANSVERSAL

Este apartado da programación ten por finalidade **concretar** os aspectos relacionados cos **elementos transversais** que formarán parte das ensinanzas da área/materia/ámbito e coas **actividades complementarias** que se realizarán durante o curso académico e que teñan relación coa área/materia/ámbito.

7.1 Concreción dos elementos transversais

Definición

Os elementos transversais inflúen nas distintas áreas/materias/ámbitos do currículo. O seu **carácter transversal** fai referencia a que abarcan aspectos de varias disciplinas polo que o seu tratamento debe ser abordado desde a **complementariedade**, formando parte da propia dinámica do proceso de ensino e aprendizaxe.



Aspectos que se poderían incluír

- » A relación de **elementos transversais** que se traballarán nese curso na área/materia/ámbito.
- » Unha **xustificación de como se vai traballar cada elemento transversal** seleccionado, indicando en que unidade ou unidades didácticas se van tratar.

É posible traballar a un tempo, dentro dunha mesma unidade didáctica, varios elementos transversais.

A comprensión da lectura traballarase un mínimo diario en cada sesión lectiva. Para iso, todas as UD programadas nesta área incluírán algunha actividade de aprendizaxe que implique a lectura de textos de diverso tipo.



Información de interese

Cada decreto de currículo indica os elementos transversais que se desenvolverán na correspondente etapa educativa, diferenciando elementos transversais:

- » **Específicos da área/materia/ámbitos**, xa que están incluídos nos propios criterios de avaliación e contidos.
- » **Obrigatorios desde todas as áreas/materias/ámbitos**, que terán que incluírse de forma expresa en todas as programacións didácticas da etapa e indicar como se van traballar.
- » **Obrigatorios nalgún momento da etapa educativa**, e que, polo tanto, no centro e a través da súa concreción curricular terase que determinar desde que áreas/materias/ámbitos se abordarán e como.

7.2 Actividades complementarias

Definición

As actividades complementarias son actividades didácticas cuxa finalidade é **facilitar as aprendizaxes curriculares** ou **complementar o aprendido** e que procuran acadar unha **maior motivación** do alumnado por aprender.



Aspectos que se poderían incluír

- » A **actividade que se realizará**, baixo unha denominación breve e clara.
- » A información relevante que explique a **esencia básica** e o **porqué** de cada actividade que se propoña.

A temporización (se non se coñece a data concreta, pode facerse referencia á avaliación para a que se programa); o lugar ou espazo no que se vai realizar; os recursos necesarios para o seu desenvolvemento; outros aspectos (periodicidade, equipamento necesario para o alumnado, as actividades concretas que se levarán a cabo...).

- » A xustificación de **con que elementos do currículo se relaciona** a actividade complementaria xa que non se deben programar actividades complementarias que non teñan encaixe co mesmo.



Información de interese

- » Realízanse en horario lectivo ou abarcan parte do mesmo (non confundir coas extraescolares, que se realizan integramente fóra do horario escolar).
- » Teñen un carácter diferenciado polo momento, espazos ou recursos que utilizan.



8. PRÁCTICA DOCENTE

Este apartado ten por finalidade concretar aspectos relacionados co **procedemento** para **avaliar** o **proceso de ensino** e a **práctica docente** cos seus indicadores de logro e co procedemento para realizar o seguimento, a avaliación e as propostas de mellora da programación didáctica.

8.1 Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Definición

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente é unha fase da avaliación que permite a cada docente **comprobar** se o **proceso educativo** funciona correctamente, se está dando os resultados esperados ou se hai aspectos que se poden ou se deben mellorar.

Este procedemento refírese a como cada docente desenvolve a programación didáctica no día a día, a como transmite as aprendizaxes e a súa relación co alumnado, profesorado e familias.



Aspectos que se poderían incluír

- » Os **indicadores do logro**, medibles e realistas, que valoren o proceso de ensino e da práctica docente, e que avalíen, como mínimo, os seguintes aspectos:
 - A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
 - A metodoloxía empregada.
 - A organización xeral da aula e o aproveitamento dos materiais e recursos.
 - As medidas de atención á diversidade aplicadas.
 - O clima de traballo na aula.
 - A coordinación co resto do equipo docente e coas nais, os pais ou as persoas titoras legais.

- » Os **instrumentos para valorar eses indicadores**.
- » A **periodización** para a aplicación destes instrumentos e para a posta en común no equipo de ciclo ou no departamento didáctico.

8.2 Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación

Definición

A planificación da forma en que se vai realizar o seguimento e a avaliación da programación didáctica é fundamental para **valorar a súa adecuación** e para formular, de ser o caso, **propostas de mellora** para o propio curso académico ou para os vindeiros cursos.

Este procedemento permite avaliar se o que se planificou nun primeiro momento é o que finalmente se desenvolveu na aula, permitindo:

- » Realizar os axustes oportunos da actual programación didáctica.
- » Recoller propostas de mellora concretas.
- » Orientar a elaboración da mesma programación didáctica no futuro.



Aspectos que se poderían incluír

- » Os **instrumentos** que se empregarán para realizar o **seguimento e a avaliación**.
- » A **periodización** para a aplicación destes instrumentos e para a posta en común no departamento didáctico ou no equipo de ciclo de cara a valorar as propostas de mellora.



Información de interese

- » Nos centros sostidos con fondos públicos o seguimento da programación debe realizarse a través da aplicación informática Proens.
- » A información do seguimento da programación didáctica trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo ou ao departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.
- » Non se debería esperar á finalización do curso para poñer en marcha as propostas de mellora identificadas durante o seguimento da programación susceptibles de aplicación no curso actual.



Lista de control

LISTA DE CONTROL

A continuación preséntase unha proposta de lista de control baseada nas recomendacións incluídas neste manual que pode servir para orientar a elaboración de cada un dos apartados da programación didáctica.

INDICADORES XERAIS	
☐	Emprégase unha linguaxe inclusiva, libre de estereotipos e non sexista.
☐	Revisáronse e actualizáronse as referencias normativas.
☐	Respéctanse os criterios recollidos na concreción curricular para cada un dos apartados da programación didáctica.
☐	Existe coherencia entre os distintos apartados da programación didáctica.
☐	Respéctase a protección de datos persoais, sen identificar a ningunha alumna ou alumno ou a calquera outra persoa da comunidade educativa.

1. INTRODUCCIÓN	
☐	É breve e concisa, e aporta datos concretos do curso académico para o que se programa.
☐	Indica as características xerais do centro e do alumnado que poidan ter relevancia no proceso de ensino e aprendizaxe.
☐	Recolle as características da área/materia/ámbito con relevancia no proceso de ensino e de aprendizaxe.
☐	Sinala outros factores relevantes (por exemplo, a participación en programas educativos, a lingua de impartición...) xustificando a súa relación coa área/materia/ámbito e concretando como inflúen na mesma.

2. OBXECTIVOS E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS	
☐	A ampliación das relacións entre os obxectivos da área/materia/ámbito e os descritores das competencias clave responde a unha debida xustificación ou motivación.
☐	En educación infantil, todos os obxectivos da área están relacionados con algunha competencia clave.

3. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS, COA SÚA SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN	
3.1 RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS	
☐	Todas as UD incorporan título, descrición, número de sesións, avaliación na que se imparte e peso orientativo (en educación infantil non se incorporan pesos).
☐	O número de UD que se propón permite realizar un reparto coherente e equilibrado dos CA e dos contidos.
☐	Cada UD ten un número de sesións adecuado para abordar o proceso de ensino, aprendizaxe e avaliación.

☐	A suma do número das sesións de todas as UD coincide co número total das sesións da área/ materia/ámbito ao longo do curso.
☐	As UD secuenciais aparecen na orde na que se imparten ao longo do curso.
☐	As UD transversais aparecen no momento no que empezan a traballarse.
☐	A suma das porcentaxes dos pesos de todas as UD do curso é igual ao 100%.
☐	Os pesos indicados para as UD son coherentes co indicado no apartado Criterios de cualificación da programación didáctica.
3.2 DISTRIBUCIÓN DO CURRÍCULO NAS UNIDADES DIDÁCTICAS	
☐	A distribución de CA e de contidos entre as UD é equilibrada segundo o número de sesións e o peso atribuído á UD.
☐	Todos os CA e os contidos están vinculados, como mínimo, a algunha UD (agás en educación infantil).
☐	As UD conteñen só os CA e os contidos que van ser efectivamente avaliados.
☐	A selección de CA para unha UD inclúe sempre os contidos asociados do propio bloque temático, e viceversa.
☐	No caso de crear subCA ou subcontidos, a redacción gramatical é coherente e non modifica o alcance e sentido do CA ou contido do que se deriva.
3.3 AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	
☐	Cada CA ou subCA ten un instrumento de avaliación asociado, un mínimo de consecución e un peso orientativo.
☐	O instrumento de avaliación seleccionado para cada CA é adecuado para o logro que debe amosar o alumnado.
☐	A redacción dos mínimos de consecución parte do CA e o/s contido/s relacionado/s e está expresada de forma precisa, clara e sinxela (sen empregar textos xenéricos nin termos de cualificación cuantitativos).

4. METODOLOXÍA	
4.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	
☐	A metodoloxía proposta descríbese de forma clara e concisa e escóllese en función das características do alumnado.
☐	A información recollida inclúe as estratexias, técnicas e/ou métodos; os tipos de agrupamentos e formas de organización do espazo; o uso de espazos; a estrutura das sesións/UD en relación ao tipo de tarefas docentes e/ou do alumnado; etc.
4.2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	
☐	Os materiais e os recursos didácticos propostos son variados e diversos e teñen en conta as características do alumnado e as medidas de atención á diversidade.
☐	No caso de utilizar moitos materiais e recursos, preséntanse agrupados por categorías para facilitar a súa comprensión.

5. AVALIACIÓN	
5.1. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL	
☐	Indícase o tipo de información que se desexa obter.
☐	Indícanse as técnicas e os métodos para obter a información.
☐	Concrétase o momento ou momentos nos que se realizará a avaliación inicial.
☐	Indícase, no caso de ter matices diferentes, o procedemento para a avaliación inicial do alumnado que se incorpore ao longo do curso.
5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE RECUPERACIÓN	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
☐	Precísanse para cada UD os instrumentos de avaliación.
☐	Concrétanse, para cada avaliación parcial, as porcentaxes de cada UD e a forma de cálculo.
☐	No caso de incluír UD transversais, concrétase como estas participan no cálculo da nota nas diferentes avaliacións.
☐	Para a avaliación final (final ordinaria en bacharelato), concrétase a forma de cálculo, que debe ser coherente cos pesos das UD establecidos no apartado de Avaliación.
☐	Indícase o grao mínimo de consecución exixido para superar a área/materia/ámbito.
☐	Apórtanse outros datos de interese na construción da nota (por exemplo, a escala de valoración que se empregará nos instrumentos de avaliación, a forma de aproximación por redondeo...).
☐	Todos os criterios e condicións de cualificación son coherentes cos CA e son obxectivos.
CRITERIOS DE RECUPERACIÓN	
☐	Indica os momentos para a realización da recuperación da parte ou partes sen superar.
☐	Indica os instrumentos de avaliación e a forma de construír a nota.
☐	Todos os criterios e condicións de recuperación son coherentes cos CA e son obxectivos (por exemplo, non se limita a nota que se pode acadar, non se inclúe no novo cálculo a nota recibida anteriormente na parte non superada...).
5.3. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	
☐	Indica o momento ou momentos nos que se vai realizar o seguimento das aprendizaxes, así como as canles establecidas para a comunicación co alumnado.
☐	Descríbese o tipo e o número de instrumentos de avaliación que se empregarán, así como os momentos da súa aplicación.
☐	Descríbense os criterios de cualificación da materia pendente concretando a construción da nota de cada avaliación parcial e das avaliacións finais.
5.4. PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS	
☐	Describe os instrumentos de avaliación que se empregarán para a súa corrección.
☐	Describe o momento de realización das probas.
☐	Descríbense os criterios de cualificación.

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

☐	Describe as medidas ordinarias e extraordinarias que se porán en marcha no curso académico.
☐	Describe as medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas.
☐	Indica as estratexias de deseño universal de aprendizaxe que se aplicarán.
☐	Indica os protocolos e os programas educativos destinados á atención á diversidade que teñen incidencia na programación da área/materia/ámbito.

7. TRANVERSAL

7.1. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

☐	A selección de elementos transversais é coherente coa regulación de elementos transversais que figura no decreto do currículo da etapa.
☐	Indica a relación de elementos transversais, a xustificación e en que UD se traballarán.

7.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

☐	A denominación de cada actividade é breve e clara.
☐	Xustifica cada actividade en relación ao seu encaixe co currículo.
☐	A descrición de cada actividade inclúe a temporización, o lugar/espazo no que se realizará, así como os recursos necesarios para desenvolve-la.

8. PRÁCTICA DOCENTE

8.1. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE COS SEUS INDICADORES DE LOGRO

☐	Os indicadores do logro son medibles e realistas e centrados, como mínimo, na adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico; na metodoloxía empregada; na organización xeral da aula e o aproveitamento dos materiais e recursos; nas medidas de atención á diversidade aplicadas; no clima de traballo na aula; na coordinación co resto do equipo docente e coas nais, os pais ou as persoas titoras legais.
☐	Indica os instrumentos que se empregarán para medir os indicadores.
☐	Indica a periodización para a aplicación destes instrumentos.

8.2. PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DA PROGRAMACIÓN.

☐	Indica os instrumentos que se empregarán para realizar o seguimento e a avaliación.
☐	Indica a periodización para a aplicación dos instrumentos de seguimento e avaliación e para a posta en común no departamento didáctico ou no equipo de ciclo de cara a valorar as propostas de mellora.

VALORACIÓN FINAL

☐	A programación didáctica reflicte a proposta real de traballo que a persoa docente pretende realizar na aula ao longo do curso.
☐	Outra persoa docente é quen de continuar o proceso de ensino e aprendizaxe coas indicacións recollidas na programación didáctica.

